

A VIAXE DAS SUAS VIDAS

[Paolo Virzi, 2017]

358

ESTREA EN NUMAX: 23.03.2018 | V.O.S.E. | +7

The Leisure Seeker (2017, 112')

Dirección: Paolo Virzi

Guión: Stephen Amidon (Novela: Michael Zadoorian)

Elenco: Helen Mirren, Donald Sutherland, Kirsty Mitchell, Robert Walker Branchaud, Joshua Mikel, Christian McKay, Robert Pralgo, Joshua Hoover, Raul Colon

Son: Daniela Bassani

Montaxe: Jacopo Quadri

Vestuario: Massimo Cantini Parrini

Dirección de arte: Justin O'Neal Miller

Música: Carlo Virzi

Fotografía: Luca Bigazzi

Produtoras: Indiana Production Company, Bac Films,

Rai Cinema (Italia)

Distribuidora: Karma Films

Formato de proxección: DCP2K, 2.39:1

Idioma orixinal: Inglés

FILMOGRAFÍA SELECCIONADA

Tolas de alegría, 2016

El capital humano, 2013

Todo el santo día, 2012

La prima cosa bella, 2010

Napoleón y yo, 2006

Caterina se va a Roma, 2003

La bella vita, 1994

PREMIOS E FESTIVAIS

Globos de Ouro 2017 (Nomeada a mellor actriz de comedia —Helen Mirren—), Venecia 2017 (Sección oficial), Donostia 2017 (Perlas), Toronto 2017 (Sección oficial)

SINOPSE

John é despistado pero teimudo. Ella é fráxil pero enxeñosa. Xuntos inician unha viaxe por Estados Unidos fuxindo do abafante coidado dos seus médicos e fillos. Desde Boston até Key West, a parella percorre unha América que non recoñecen a bordo da súa vella autocaravana. A viaxe faralles compartir bos e malos momentos á vez que lles devolverá o seu amor e paixón pola vida.

«Unha comedia sobre o Alzheimer devastadoramente divertida»

Robbie Collins, TELEGRAPH



“Non crucei o océano para converterme nun director americano”

Notas do director Paolo Virzi

Nunca pensei que faría un filme noutro país que non fose Italia, nun idioma que non é o meu e, de feito, aínda me pregunto como sucedeu. Déixame recompilar os procesos creativos e de produción d’*A viaxe das súas vidas*, comezando hai uns anos cando o meu primeiro filme, e logo o segundo, foron elixidos como a película italiana para a campaña dos Oscar na categoría de mellor filme de fala non inglesa. Xa que os dous filmes tiveran distribución nos Estados Unidos e non foran mal recibidos, fixéronme varias ofertas para rodar unha película alí, pero sempre remataba correndo de volta a Italia. En xeral, os guións xa estaban escritos total ou parcialmente e, para ser honesto, non me interesaban moito os proxectos que, ademais, nin tan sequera saíron logo adiante.

Os meus amigos de Indiana Production, que traballaron comigo ao longo de toda esta aventura, non entendían por que non aceptaba ningún destes proxectos. Así que lles fixen unha promesa: se encontramos unha idea que nos chame a atención, quizais inspirada nun libro, e que me permita traballar da forma que estou afeito, é dicir, comezando por escribir o guión,

daquela consideraría a idea. Moreas de caixas cheas de novelas norteamericanas empezaron a chegarme das oficinas de Indiana Production, incluíndo a novela de Michael Zadoorian, a historia dun matrimonio ancián que foxe dos suburbios de Detroit na súa vella autocaravana en dirección a California pola lendaria Ruta 66.

Atopei nesta idea algo que me chamaba moito a atención: un espírito subversivo, unha rebelión contra a hospitalización á que se ven obrigados polos seus médicos, os fillos e as regulamentacións médicas e sociais. Pero á vez parecíame que esta viaxe non mostraba unha paisaxe que tiñamos visto en moitas boas películas polo que existía o risco de caer en clichés como os que os directores americanos ás veces repiten cando están a rodar en Italia e terminan mostrando encadres puramente turísticos. Así que deixei de lado e dediqueime a outros asuntos, outro filme italiano, rodado en Italia.

Pouco tempo despois, os meus amigos Francesca Archibugi e Francesco Piccolo, tentaron convencerme para lle dar unha volta ao tema e utilizar o libro como punto de partida para despois mudar o itinerario da viaxe e, por tanto, os perfís socioculturais dos protagonistas: un profesor de literatura de Nova Inglaterra xubilado cunha muller de Carolina do Norte máis nova ca el, de camiño á casa do escritor Ernest Hemingway. Tentamos facer un borrador de poucas escenas con diálogos en italiano para despois, coa axuda do meu amigo e novelista Stephen Amidon, transformalo na primeira versión do guión en inglés.

Lembro certo compromiso fuxindo da miña boca: se Donald Sutherland acepta interpretar o papel de John e Helen Mirren o da súa muller, Ella, entón xuro que hei facer o filme (...) e, de maneira inesperada, Mirren e Sutherland aceptaron. Poucas semanas despois xa estabamos no set de rodaxe. Nin sequera tiven tempo para me centrar no que estaba a suceder e alí estabamos, inmersos nos preparativos, coa metade do equipo italiano, con todos os nosos costumes que, para ben ou para mal, incluían a nosa forma de ver as cousas e facer filmes.

En realidade non crucei o océano para converterme nun director americano pero traballar cunha actriz tan sublime como Helen Mirren e cunha lenda como Donald Sutherland non só era emocionante senón que era moi instrutivo. El é serio e rexio, aínda que tamén divertido e impredicíbel. Ela é elegante, intelixente e de súpeto chea de fervor, furia e dor. Pasábao realmente mal cada vez que tiña que dicir, «corten!». Quizais foi, por riba de todo o demais, o pracer de poder compartir unha experiencia con dous artistas que me fascinaban e conmovían tanto, o que me empurrou a facer as maletas e marchar a EEUU a facer un filme, cando menos unha vez na vida dun director italiano coma min, ou aínda mellor, dun director de Livorno.

Publicado en karmafilms.es
Tradución: Xan Gómez Viñas

NUMAX

NUMAX, S. Coop. Galega
Concepción Arenal, 9 baixo
15702 Santiago de Compostela
TELF 981 560 250 | www.numax.org

Abónate
e ven sempre
por **4,5€**

Faite
NUMAX!